Presentación

INTRODUCIÓN E ANTECEDENTES HISTÓRICOS • O Xardín Botánico de Lourizán foi creado no ano 1949 baixo a denominación de "Arboreto" cun obxectivo de investigación e experimentación, e ao mesmo tempo cunha finalidade didáctica e recreativa.

O Xardín Botánico xunto co Centro de Investigación Forestal de Lourizán sitúanse nunha leira de 52 ha, na vertente norte da Península do Morrazo, nunha ladeira aberta a ría de Pontevedra, fronte a illa de Tambo e Combarro. A leira, anteriormente nomeada a Granxa da Serra ou a "Granxa" a secas, foi adquirida pola Deputación Provincial de Pontevedra en 1941 e anteriormente fora propiedade de D. Eugenio Montero Ríos, presidente do Consello de Ministros a finais do século XIX.

A actual estrutura do xardín é a suma dos seus sucesivos usos, comprendendo elementos moi interesantes como son o pombal, o hórreo e a eira procedentes do seu período como Granxa da Serra; o piazo, o invernadoiro e os xardíns construídos por Montero Ríos entre finais do século XIX e principios do XX, cunha importante influencia modernista, e finalmente edificacións e plantacións ligadas ao seu uso actual como Centro de Investigacións. Compoñentes destacados do xardín de Montero Ríos son o invernadoiro, a mesa de pedra, o Parque das Rías, a Gruta de Echegaray e a Fonte dos Espellos.

O Xardín Botánico de Lourizán foise formando a partir das achegas realizadas en tempos de D. Eugenio Montero Ríos e as efectuadas en diferentes épocas polos distintos equipos de dirección do Centro de Investigación.

O exemplar máis antigo do xardín ten algo máis de 200 anos e corresponden a un carballo (*Quercus robur*), de orixe natural, ou algúns dos buxos (*Buxus sempervirens*) do Parque das Rías. Outros exemplares antigos relacionarse no apartado Especies Singulares e teñen a maioría polo menos 120 anos de idade.

Nos anos cincuenta do século pasado procedeuse a un intenso labor de incorporación de novas especies, destacando o Eucalyptetum (*Eucalyptus* sp.pl.), o Coniferetum (*Pinus* sp.p., *Abies* sp.p., *Picea* sp.p., etc.), que se considera o máis completo da Península Ibérica con 172 taxons, ou as colocacións de castiñeiros (*Castanea* sp.p.), que foron incrementado o seu número durante todo o período posterior. Na década dos 80 e os posteriores incorporáronse novas coleccións, como a de procedencias de faias (*Fagus sylvatica*) de toda España, flora de Taiwán, novas especies de flora australiana, flora forestal española no Parque das Autonomías, flora arbustiva española, coleccións de hortos sementeiros e bancos clonais de especies forestais melloradas, Arboreto REINFORCE e outros grupos diversos. Actualmente hai máis de 850 especies catalogadas, a maioría árbores e arbustos.

Anexo ao Xardín Botánico está o Herbario LOU –con máis de 80.000 prego de fanerogamas; 15.000 de fungos e unha colección de insectos–, o Centro de Investigación Forestal de Lourizán e o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal. Ademais do valor científico das coleccións e ensaios que se realizan no Xardín Botánico, este ten unha función estética, sociolóxica, pedagóxica, polas numerosas visitas de escolares e estudantes.

Talude
Talude
Talude